

O concello invitounos a participar no Grupo de Desenvolvemento Rural. Pediremos mais información e volo contaremos en novos artigos.



CONCELLO DE MIÑO
A Carreira, 38
15630 Miño (A Coruña)
Tlfo.: 981 78 20 06 – 981 78 20 58
Servizos Sociais: 981 78 26 59- 981 78 44 05
Fax: 981 78 31 75

Miño, 14 de maio de 2008

Estimado presidente:

O motivo desta carta é o de informalo de que se está a constituir o novo Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR), que ademais do Concello de Miño, comprende outros como Paderne, Irixoa, Bergondo, Betanzos, etc.

Como saberás, a Unión Europea impulsa o programa Leader, que xa se foi aplicando en Galicia durante os períodos 1991-1994, 1994-1999 e 2000-2006, de xeito que para o novo período 2007-2013 o dito programa Leader deséñao e execútao un GDR. É unha asociación constituída por todas as entidades do ámbito económico, social, cultural, veciñal, medioambiental ou profesional que desexen implicarse no Programa Leader do seu territorio.

Así, poderán ser socios dos GDR asociacións de calquera ámbito, cooperativas, comunidades de montes veciñais, organizacións profesionais agrarias, etc e elaborarán unha estratexia de desenvolvemento comarcal na que se incluírán as principais posibilidades, oportunidades e necesidades do seu territorio dende o punto de vista produtivo, económico, dotacional e social.

No caso de que a entidade que vostede preside desexe integrarse no GDR que nos corresponde ou recibir máis información poden dirixirse á axente de emprego e desenvolvemento local.

Agardando sexa do seu interese esta información, reciba un cordial saúdo:

O concelleiro da Área de Benestar Social e Igualdade



Asda: Jesús Velga Sabín